

ACUATLÓN NORTHWEST TRIMAN PROMOCIÓN DE CATEGORÍAS MENORES BENJAMÍN, ALEVÍN, INFANTIL

REGULAMENTO

Organiza:

Club Galorient
Federación Galega de Triatlón e P.M.
fegatri@hotmail.com
Tlf. 982251345

Colaboran:

Concello de As Pontes
Secretaría Xeral para o Deporte
Deputación de A Coruña

Datas e horarios das carreiras:

Domingo, 25 de xuño de 2023 ás 16:30 h.

Participantes:

Acuatlón de promoción dirixido a deportistas das categorías Prebenxamín, benxamín, alevín e infantil. Nad@s entre 2017 e 2010, con 6 anos cumpridos a data de inscrición.

Deberán posuír licenza federativa de triatlón en vigor ou tramitar a licenza temporal de un día de triatlón (custe licenza 1 día menores 6,00 €)

Distancias e formato:

16:30 h. Prebenxamín e benxamín- 50 m. Natación- 500 m. de carreira a pé

16:45 h. Alevín e Infantil - 100 m. de natación-1000m. de carreira a pé

Remate da proba ás 17:30 h.

Saída, transición e meta:

Praia Lago de As Pontes

Recollida de dorsais:

Na carpa de organización nas inmediacións da transición dende 45´ antes do comezo da proba ata 10´ antes da saída.

Inscricións:

Limitada a 150 participantes

Inscrición gratuíta. Do luns 22 de maio ata o martes, 20 de xuño de 2023

(custe licenza temporal 1 día non federados 6,00€)

Deportistas con licenza de triatlón en vigor

CLUBS.- Accederán a través do apartado competicións, picando na pestana [Regulamentos/Inscripcións](#) e accedendo á carreira de referencia. Unha vez que se accede á carreira picarase na ligazón INSCRICIÓN, e introducirase o código do club (o código a utilizar é o mesmo que o do programa de licenzas)

DEPORTISTAS INDIVIDUAIS.- Deberán introducir o seu número de licenza e a data de nacemento.

Deportistas sen licenza (trámite licenza temporal de 1 día)

A inscrición realizarase on-line, a través da web da Federación Galega de Tríatlon e Péntatlon Moderno www.fegatri.org, no apartado [Competicións/Inscripcións](#). Picar sobre a carreira e ir á ligazón de INSCRICIÓN. **Para validar a inscrición é imprescindible o envío da copia do DNI en vigor da menor e o formulario de autorización de protección de datos que deberá subir a través da plataforma co DNI de quen autorice a mesma <https://fegatri.org/wp-content/uploads/2021/12/ficha-non-federados-1.docx>**

Custe do Trámite da licenza de 1 día = 6 € que se aboarán con tarxeta bancaria por TPV

Baixas e política de Devolución

As baixas deberán ser comunicadas á Federación Galega de Tríatlon a través do correo electrónico fegatri@hotmail.com, antes do remate do prazo de inscrición para que non sexan penalizadas de acordo aos regulamentos FEGATRI. No caso de inscricións incompletas (falta de documentación) rematado o prazo de inscrición. Estas serán anuladas e non se farán devolucións. As baixas non comunicadas en tempo e forma serán penalizadas de acordo aos regulamentos FEGATRI vixentes.

Publicación de Listas de Inscritos

Publicación lista provisional: o xoves anterior á proba publicarase a lista provisional de inscritos (esta admite reclamacións cando na listaxe se da algún erro debido ao manexo dos datos na Federación, por exemplo, baixas solicitadas en tempo que non aparecen dadas no listado, ...). É moi importante revisar este listado para ter opción a reclamar se hai algún erro no mesmo. Publicación lista definitiva: o venres anterior á proba publicarase a lista definitiva (esta é firme e xa non admite cambios).

NORMAS DE COMPETICIÓN:

A carreira rexerese segundo o Regulamento Oficial de Competición da FEGATRI e a FETRI.

Os nenos e nenas deberán identificarse con documento oficial con foto.